

ILUSIÓN

PRIMAVERA 2018

ESPECTÁCULOS NADOS DA FUSIÓN DE
DISTINTAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS

ÁGORA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

CORUÑA
PRÓXIMA

 SÁBADO 3 DE MARZO DE 2018 |  20.00h. |  50 min.



EL APARTAMENTO

CIRK ABOUT IT

Cando o circo é o protagonista no salón de calquera fogar, todo pode escapar da normalidade e converterse en excepcional. Acrobacias, saltos, portes e equilíbrios para unha prometedora compañía que evolucionou desde a peza curta "tres ao cubo" en 2014 do premio off circada, para presentar agora este espectáculo.

DIRECCIÓN: Alfonso Alonso (o gran rufus).
INTÉRPRETES E ACRÓBATAS: Laura Barba Ruiz,
David Tornadijo Arce e Miguel Molinero García.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

 VENRES 16 DE MARZO DE 2018 |  20.00h. |  60 min.



PARAISO PINTADO

PEPA PLANA

Empezamos cunha especie de anxo que vive feliz e contenta unha vida ideal, pero aburrida e coa sensación de que non encaixa neste "ceo". Ela ten o soño de ser un anxo da garda aínda que se ve, por veces, como unha "súperheroína". Aínda non sabe voar e descobre, de casualidade, que lle resulta máis doado nadar que voar. Quen non ten visto nunha casa un deses cadros nos que aparecen anxiños pintados?.

AUTORÍA: Ferruccio Cainero e Pepa Plana. / **DIRECCIÓN:** Ferruccio Cainero.
INTÉRPRETE: Pepa Plana.

 VENRES 27 DE ABRIL DE 2018 |  20.00h. |  45 min.



ERORI

CAIR CIRCO

Accións sinxelas e cotiás que derivan en acrobacias mediante golpes e caídas, contrastan con coreografías visuais de danza e malabar. O absurdo, o sinxelo e o universal está presentes nas disparatadas rutinas de circo. Unha dramaturxia non lineal que cada espectador vivirá dunha forma única.

DIRECCIÓN: Natalia Outeiro.
INTÉRPRETES: Ariñe, Jano, Santi e Páez.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

📅 SÁBADO 5 DE MAIO DE 2018 | 🕒 20.00h. | ⌚ 55 min.

UNIVERSARIO

MARCEL GROS

Pequena festa que pode celebrarse calquera día a calquera hora e baixo calquera pretexto.

Marcel, que sempre está nas minchas, ve a realidade e convértea en espectáculo.

Viaxando á velocidade do soño ao redor dun pequeno universo.

Alegre, Especial, Imaxinativo, Orixinal, Único.

Un presentador impresentable, un mimo parlante, un concertista desconcertante, un ilusionista ilusionado, un oriental desorientado e un astronauta desorbitado... son algúns dos invitados, só faltas ti...

FELIZ UNIVERSARIO!

INTÉRPRETE:
Marcel Gros.



📅 SÁBADO 2 DE XUÑO DE 2018 | 🕒 20.00h. | ⌚ 60 min.

LLES ROIS FAINÉANTS

CIA. COCOTTE

Un espectáculo que mestura a linguaxe do teatro visual e de obxectos co humor branco inspirado en Jacques Tati e as obras de Jérôme Déschamps.

O espectáculo transpórtanos a unha vella fábrica situada ao sur da Francia rural nos anos 50. Os personaxes involúcranse nunha batalla perdida. A fábrica, foi exemplo durante anos de perseveranza e eficacia. Despois de catro xeracións, os traballadores loitan por sobrevivir resignados á monotonía do traballo, o aburrimiento e a falta de cambio no seu día a día.

Esta nova compañía foi galardoada co premio Move Award Quality Label e foron finalistas do premio BBVA de Teatro 2016 de Catalunya.

DIRECCIÓN:
Joan Cusó.

INTÉRPRETES:
Clara Algaba, Ferran Echegaray, Berta Graells, Agnès Jabbour Borja Neto e Piñeiro Steiner.



Propostas que procuran chegar a algo máis que o “**máis difícil aínda**” con novas linguaxes escénicas. Os espectáculos inciden nas expresións artísticas do novo circo, baseado na incorporación das novas estéticas e o cruzamento de disciplinas provenientes do teatro, a danza e a música, que refrescaron e revitalizaron a escena actual.

Trátase de espectáculos con características propias como a tenrura, a acrobacia, o poder do visual, un concepto teatral do argumento, unha particular linguaxe estética e un tratamento plástico do espazo.

Agardamos deixaros coa boca aberta! Espectáculos para todos os públicos.

COUSAS QUE DEBES SABER ANTES DE VIR VERNOS

- O despacho de billetes abre unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só se quedan entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá o acceso á sala unha vez comece a función.
- Non está permitido a entrada á sala con comida ou bebida [agás auga].
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Todas aquelas persoas que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo deben facelo coa entrada.

VENDA DE ENTRADAS

ENTRADA: 9,00 euros (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 8,00 €)

ABONO 3 ENTRADAS PARA A MESMA FUNCIÓN: 21,00 euros

MENORES DE 3 ANOS: 2,00 euros

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, agás festivos
de 9:30 a 13:00h. e
de 16:30 a 19:30h.

DESPACHO DE BILLETES DO ÁGORA

Aberto só os días de función desde
unha hora antes (só se quedan
entradas dispoñibles).

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.
Sábados de 14:00 a 22:00h.
Domingos de 16:00 a 21:00h.

WEB www.ticketea.com

Servizo permanente 24h.



CORUÑA
➤ PRÓXIMA

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura

